



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA SÚA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA QUE PERSOAS BECADAS POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COMPLETEN A SÚA FORMACIÓN NAS UNIDADES DE COOPERACIÓN NO EXTERIOR

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

(2) Antecedentes:

A lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, da Comunidade Autónoma de Galicia establece como prioridade en materia de sensibilización e educación para o desenvolvemento, a potenciación dos axentes de cooperación para o desenvolvemento, de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade en nosa sociedade.

O 23 de outubro de 2013 tivo lugar a sinatura dun Convenio Marco de Cooperación entre a Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento da AECID e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través do seu Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a articulación,



coordinación e complementariedade en materia de cooperación descentralizada, que ven a substituír ao asinado no ano 1998.

Que en dito Convenio Marco de Colaboración establece, como un dos obxectivos a conseguir, o fomentar o coñecemento directo das realidades dos países socios da Cooperación Española, favorecendo que as persoas bolseiras das entidades asinantes realicen prácticas nos órganos do MAEC no exterior, situados en países prioritarios do V Plan Director nos que se estean executando proxectos de cooperación para o desenvolvemento cofinanciados por ditas entidades. A colaboración das entidades asinantes para a consecución deste obxectivo, ao igual que o resto dos establecidos no mencionado Convenio Marco, poderán ser obxecto de convenios específicos.

O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 establece como unha das súas liñas de actuación o apoio á formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación

(3) Finalidade

Co fin de dar continuidade á colaboración entre a AECID e a Xunta de Galicia na formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento nas Unidades de Cooperación no Exterior (UCE) dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de 4 anos, que poderá ser prorrogado por acordo mutuo das partes.

(4) Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as canles de colaboración entre as partes asinantes co fin de que os/as bolseiros/as da Comunidade Autónoma de Galicia completen a súa formación nas Unidades de Cooperación no Exterior da AECID (Oficinas Técnicas de Cooperación, Centros Iberoamericanos de Formación o Centros Culturais), situados en países nos que se estean executando proxectos de cooperación para o desenvolvemento subvencionados pola Comunidade Autónoma. En casos excepcionais e de acordo coas necesidades operativas e funcionais das UCE, poderán





realizar este período no resto de unidades dependentes da AECID ou en proxectos de cooperación financiados pola propia Axencia.

(5) Por todo o exposto, formúlase a presente Memoria xustificativa ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de claro interese público, que inciden directamente no ámbito da poboación en xeral e maila natureza pública das entidades implicadas.

(6) O Convenio a asinar entre a AECID e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para que persoas becasadas pola comunidade autónoma de Galicia completen a súa formación nas unidades de cooperación no exterior, non leva aparellada asignación orzamentaria.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Cooperación Exterior

Pilar Pomeró Rodríguez

